

EXPOSICIÓNS

Fauna alada de Galicia

Centro Comarcal de Valdeorras. Casa de Río Cigüeño
Do 1 ao 27 de outubro

De luns a venres de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 h.

os sábados de 11:00 a 14:00 h.

Visitas guiadas: 981 188 340

Exposición itinerante da Obra Social Caixa Galicia

As fotografías están tomadas en espazos naturais protexidos de Galicia como a Lagoa de Valdoviño, o cabo de Estaca de Bares, o Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo, as lagoas de Carregal e Vixán ou a Lagoa de Baldaio.

A través do percorrido polas 30 fotografías que compoñen a exposición, preténdese facer reflexionar ao participante da necesidade de coñecer e preservar os animais que nela se presentan así como os medios naturais onde habitan. Cada fotografía achégase dunha breve lenda acerca do insecto, ave ou morcego fotografado, o seu comportamento e conservación. Ademais a exposición inclúe catro paneis que detallan de modo sinxelo e ameno o voo da fauna alada de Galicia.

Os alumnos recibirán durante a visita unha unidade didáctica que ten como obxectivo afianzar os coñecementos adquiridos na visita á exposición.

A IIª República Española

Galería Sargadelos

Do 5 ao 29 de outubro

De luns a venres de 10:00 a 13:30 e de 17:00 a 20:00 h.

os sábados de 10:00 a 13:00 h.

Exposición itinerante do ARGA (Ateneo Republicano de Galicia)

A mostra foi creada en 2006 co gallo do 75 aniversario da IIª República e está formada por un conxunto de 23 paneis con contidos documentais e pedagóxicos.

Cada panel integra a reprodución dun conxunto de documentos gráficos

orixinais (fotos, imaxes, deseños, prensa, artigos) e textos propios explicativos. Os paneis inclúen un deseño de lectura fácil e atractiva.

Ofrece un percorrido desde os comezos da tradición republicana en España e Galicia ata o Estatuto de Autonomía de Galicia, pasando polas características da IIª República no que atinxe á estrutura do Estado, educación e cultura, laicismo, dereitos e liberdades civís, condicións de vida dos traballadores, entre outros. A mostra detense asemade nos distintos momentos que viviu o réxime republicano ata que foi derrocado pola forza en 1936.

CINECLUBGROUCHOMARX



cineclubgrouchomarx.blogspot.com

xoves 24 set. EL AÑO QUE MIS PADRES SE FUERON DE VACACIONES

xoves 1 out. ANTICRISTO

xoves 8 out. LOL

xoves 15 out. LA CASA DE MI PADRE

xoves 22 out. LA CLIENTA

xoves 29 out. MAPA DE LOS SONIDOS DE TOKIO

2 sesións:
20h30 e 22h30



TEATRO MUNICIPAL LAURO OLMO

24 setembro - 31 outubro 2009

www.concellodobarco.org

Titzina Teatre Exitus



venres 25 setembro. 21h

Autores, directores e intérpretes: Diego Lorca e Pako Merino
Público: Adulto. Duración: 1h. 25min.

O Espectáculo: Un funerario, un home na busca de emprego, un directivo dun laboratorio farmacéutico e un avogado, entremesturan as súas vidas sen que eles mesmos sexan conscientes do destino común que os une. Catro persoas que se enfrentan á morte desde puntos de vista tan diversos como o dunha profesión, unha traxedia ou un acto irreversible da vida.

A Compañía: A compañía catalá Titzna fúndase en agosto do 2001 por Pako Merino e Diego Lorca, actores e produtores formados na Ecole International de Theatre Jacques Lecoq (1999-2001). En xuño do 2003 estrea a súa ópera prima *Folie a deux/Sueños de psiquiátrico*. Con este espectáculo realizan unha xira por toda España, Portugal e Francia que dura ata novembro do 2005. Durante este tempo o espectáculo gaña sete premios nacionais, preséntase en case todas as feiras e festivais teatrais de España, e remata a xira con 300 funcións ás súas costas.

En novembro de 2005, estrea o seu segundo espectáculo: *Entrañas*. Esta obra de creación, dirixida por Stefan Metz, realiza unha xira por toda España durante o ano 2006, 2007 e 2008 con saídas ao estranxeiro (Portugal, EE.UU e Francia). Este segundo espectáculo, que consolida á compañía como un referente teatral en todo o Estado, ten previsto rematar o seu percorrido polos teatros españois con 160 actuacións aproximadamente e cunha lista de críticas que na súa gran maioría falan xa dun "selo Titzina" á hora de crear.



Teatro do Morcego Kvetch (Unha comedia americana sobre a ansiedade) venres 9 outubro. 21h

Autor: Steven Berkoff
Dirección: Álvaro Lavín (Teatro Meridional)
Elenco artístico: Celso Parada, Mónica Camaño, Miguel Pernas,
Dorothea Bárcena e Mundo Villalustre.
Público preferente: Adulto. Duración: 1h. 30min.

O espectáculo: Imaxine un intre no que vostede puidese expresar en alto todo aquilo que pensa polo baixo, sen ser oído polos que o rodean. Imaxine a cantidade de sesións de diván na consulta do psicoanalista que aforrará. Ou non?.

Un espectáculo impúdico, xubiloso, devastador e feroz dos seus medos, frustracións e estrés diarios de toda caste : "Kvetch".
Vivimos todos baixo a ameaza da bomba –do cancro- dos axentes cancerixenos –da enfermidade- do paro –da impotencia- do medo ao medo –dos negros– dos brancos –da policía– dos impostos –da declaración da renda- de quedar calvos –de engordar– de poñernos feos –de ser parvos– de non ser enxeñosos –de ser tímidos- de preocuparnos por aprender a tocar o piano –do medo ao fracaso– de non causar boa impresión –medo á forza dos demais– a non ter xubilación – a vellez – a morte – á guerra... Esta é unha obra adicada a tódolos que teñen medo.

A Compañía: Fundada no ano 1989 polo actor e director Celso Parada e Isabel Ávila. Mantén a súa actividade ininterrompida desde entón, recibindo premios como os Compostela por *Misterio cómico* e *Doberman*; María Casares por *Lazariño de Tormes*, e sendo finalista en varias ocasións. Realizou importantes montaxes nos que participaron destacados nomes da escena galega.



Orquestra Clásica de Vigo Concerto venres 23 outubro. 20h

Fai xa máis de 20 anos que a Orquestra Clásica de Vigo, antiga Orquestra de Alumnos do Conservatorio Superior de Música de Vigo, realizou a súa presentación.

Desde os seus inicios, a Orquestra Clásica de Vigo concibiuse cun obxectivo primordial, o de servir como lugar de formación de músicos no traballo orquestral, e cunha premisa fundamental, a da voluntariedade do traballo levado a cabo. A adquisición de costumes de traballo en grupo, de experiencia na interpretación cara ao público, e de coñecemento de repertorio, son puntos fundamentais nos que unha orquestra de vocación formativa debe basearse.

O logro destes obxectivos está apoiado pola preparación e proxección conseguida por moitos dos seus integrantes, que desenvolven na actualidade un traballo orquestral profesional ou se atopan nalgunhas das máis prestixiosas escolas de música de Europa.

Manuel Martínez Álvarez-Nava (Oviedo, 1957) é o director titular da OCV desde a súa creación.



Teatro do Atlántico O Xogo de Yalta. Afterplay venres 30 outubro. 21h

Autor: Brian Friel
Dirección: Xulio Lago
Elenco artístico: Xavier Constenla,
Damián Contreras, Victoria Pérez, María Barcala e
Gonzalo M. Uriarte
Público preferente: Adulto. Duración: 1h. 50min.

O espectáculo: A vida e as súas voltas.... Unha volta máis: Dúas parellas, home e muller, home e muller.

Unha composta por xentes ricas, ociosas e adúlteras en lugar e tempo de lecer, xogando a namorar. O verán, a luz, o sol.... a música que o envolve todo, o champán coas súas burbullas.... e un can.

A outra parella, en complicada situación económica e afectiva, o frío invernal en Moscova, a ausencia de luz, e a música, sempre a música.... que devén en silencio.

E o vodka, compañeiro fiel.

Época: 1900 (Máis como se fose hoxe)

Dous lugares, dúas estacións, diferentes estados anímicos, máis sempre as paixóns conformando a vida e enchéndoa de risas e de bágoas.

Os públicos conmooveranse con estas fermosas historias creadas por Brian Friel en "colaboración" con Chéjov.

A Compañía: Fundada no ano 1985. Leva producidos ata o momento 24 espectáculos a partir de textos dos máis importantes dramaturgos do teatro contemporáneo. Ibsen, García Lorca, Fassbinder, Heiner Müller, Ernesto Caballero, Manuel Lourenzo, Roberto Salgueiro ou Sanchís Sinisterra son algúns dos dramaturgos presentes no repertorio da Compañía. Na súa traxectoria figuran numerosos premios ao mellor espectáculo, mellor actor e mellor actriz principal e secundario, mellor dirección ou mellor escenografía